

Venres, 19 de maio de 2017

Núm. 95

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO.

1. Entidade que adxudica:

Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Cultura. Nº expediente: 1165-330.

2. Obxecto do contrato:

A xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio Municipal da Casa do Concello

Lugar de execución: Vigo

Prazo de execución: 1 ano. Prórroga: Sí, unha prórroga dun ano de duración.

3. Tramitación e procedemento

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base:

74.691,00 euros IVE a soportar pola administración: 15.685,11 euros.- Orzamento total: 90.376,11 euros

5. Garantías esixidas:

a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información:

www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Código seguro de verificación: 94JFUG4G2GYVNIP2



Venres, 19 de maio de 2017

Núm. 95

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de Ofertas:

Prazo: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG..

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica:

Entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:**11. Páxina web para obtención de información:**

www.vigo.org

Vigo, 4 de maio de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,

P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Código seguro de verificación: 94JFUG4G2GYVNIP2

